



Resolución do 4 de novembro de 2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o programa educativo *Menores conectados: educación dixital en ciberseguridade e privacidade* dirixido ás familias do alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2025/26.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar fai fincapé na corresponsabilidade das nais e pais ou titoras e titores na convivencia escolar e a participación directa no proceso educativo. Desde esta perspectiva, é preciso ofrecer oportunidades de coñecemento e formación ás nais, pais e/ou titores/as legais co fin de adaptarse aos desafíos que levan consigo os novos modelos de educación dixital. Os dispositivos móbiles, as redes sociais e Internet ofrecen grandes oportunidades de comunicación e aprendizaxe pero, tamén, presentan unha serie de riscos como o ciberacoso, o acceso a contidos inapropiados, a sobreexposición de datos persoais ou o uso excesivo de pantallas. Neste sentido, as familias supoñen un motor imprescindible de actuación para coñecer a realidade en liña dos menores, proverlles de ferramentas para previr, detectar e resolver dificultades nas que se podan atopar os seus fillos/as, así como acompañar de xeito responsable a súa andaina pola rede.

As tecnoloxías dixitais impregnan a nosa vida profesional e privada e o feito de contar polo menos cunha alfabetización e unhas competencias dixitais básicas converteuse nunha condición previa para participar de maneira efectiva na sociedade. Este fenómeno imprime a necesidade de capacitar non só ao profesorado e ao alumnado, senón tamén ás propias familias dos e das menores para que poidan levar á práctica mecanismos que faciliten o acceso e a convivencia co mundo dixital, un ámbito en constante crecemento.

Con esta finalidade, a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 contempla actividades de formación dirixidas ás familias, co obxectivo de proporcionarlles ferramentas e coñecementos que lles permitan acompañar e orientar aos seus fillos no uso seguro e responsable da tecnoloxía.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Apartado 1.- Obxecto

Regular o programa *Menores conectados: educación dixital en ciberseguridade e privacidade* para establecer as bases de participación no mesmo das familias do alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.



Apartado 2.- Obxectivo xeral

Capacitar ás familias no uso seguro, responsable e proveitoso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) no ámbito familiar e lúdico.

Apartado 3.- Obxectivos específicos

- Coñecer os riscos dixitais máis frecuentes e como previlos.
- Aprender a configurar ferramentas de privacidade e seguridade en redes sociais, videoxogos e dispositivos móbiles.
- Explorar opcións de acompañamento familiar e supervisión dixital.
- Descubrir estratexias para xestionar o tempo de pantalla de forma saudable.
- Entender a pegada dixital e como ensinar aos menores a coidar a súa privacidade na internet.
- Ofrecer recursos prácticos para que as familias poidan aplicar o aprendido de inmediato.

Apartado 4.- Destinatarios

Esta convocatoria vai dirixida ás familias do alumnado con idades comprendidas entre os 10 e 18 anos dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Apartado 5.- Descrición do programa e planificación

O programa consiste na realización dun único obradoiro por centro educativo, de carácter eminentemente práctico, que abordará a xestión segura e responsable dos dispositivos electrónicos e das redes sociais que máis están a utilizar os e as menores.

A impartición da dinámica, de hora e media de duración para un mínimo de 10 persoas e un máximo de 50 correrá a cargo de especialistas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Para a correcta impartición do obradoiro será imprescindible dispor dun espazo habilitado no centro educativo e dun proxector ou pantalla. A maiores, gravarase unha sesión de estudo que estará dispoñible no portal www.ciberseguridadegalicia.gal para que calquera persoa interesada poida acceder a ela en calquera momento. Isto permitirá que as persoas que non poidan acudir en vivo ou aquelas que desexen repasar os temas tratados teñan acceso aos contidos impartidos.



En total, executaranse 250 obradoiros que terán lugar desde decembro de 2025 a xuño de 2026 e que se realizarán presencialmente. Para a súa organización, concretaranse as datas e os horarios entre unha persoa representante da asociación de nais e pais do centro educativo e as persoas especialistas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Apartado 6.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico asesoria.participacioneducativa@edu.xunta.gal co seguinte asunto: "*Menores conectados: educación dixital en ciberseguridade e privacidad*". Para formalizala, incorporárase como arquivo achegado o *Anexo* desta resolución.

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Apartado 7.- Selección dos centros

A selección dos centros docentes onde se impartirá o obradoiro farase segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado no apartado 6, ata un máximo de 250. En caso de quedar prazas sen cubrir, distribuíríanse entre aquelas solicitudes que indicasen o interese de realizar máis dun obradoiro, seguindo o criterio anterior.

Apartado 8.- Resolución

Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, farase pública a resolución no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 9.- Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.





O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

